

UN MEDIO, A AUIÇA. UN DEPORTE, O WATERPOLO UNHA FAMILIA, "OS MALECHO"

Fernando Rodríguez González

A Asociación CEDOFEITA invitoume a colaborar na súa revista, sabedora das vivencias familiares xunguidas ó mundo da natación e o do deporte do waterpolo que tivo lugar no barrio do Burgo, e da miña adicación, no meu tempo de lecer, de levar a xestión do único club de waterpolo que hai na actualidade na cidade do Lérez -Pontevedra-.

Dispóñome, rememorando feitos pasados e actuais, a facer unha semblanza entorno a este deporte, xa que eu son membro dunha familia moi arraigada nese barrio histórico do Burgo, onde dende meu pai ata os seus bisnetos, tivemos moito que ver coa práctica dos deportes acuáticos como a natación e o waterpolo. Coido que os lectores, na súa maioría da veciñanza, estanse a dar conta de que me estou a referir á familia de José Rodríguez Ruibal (Pepe Malecho).

Para falar do pasado deste deporte na vila de Pontevedra teño que tirar dos recordos e das moitísimas anécdotas que se falaban na miña casa, pois aínda que xa me estou facendo maior, non teño idade para poder haber vivido as primeiras épocas (anos 30) deste deporte na vila. O mesmo terei que

facer cando me refira a segunda época (anos 50) posto que mesmo estaba neste mundo, tiña entre 5 ou 6 anos cando se deixou de practicar este deporte en Pontevedra e os meus recordos ou son moi vagos ou confúndense con todo o que escoitei na casa ó longo do tempo.

Dun xeito ou doutro, tratarei de ordear todo canto sei o mellor que poida, para tratar de facer unha pequena historia do waterpolo pontevedrés. Considero que a redacción desta historia a debo facer narrando paralelamente a historia deportiva do meu pai, posto que ámbalas dúas están intimamente ligadas.

COMO NACEU O WATERPOLO:

Dende moi mozo, meu pai, amosou unhas boas condicións para a práctica do exercicio físico, e encamiñou as súas aficións deportivas en torno ó seu querido río Lérez.

Nel fixo os seus primeiros "pinitos" como nadador, e non sin risco de perderes a vida nalgunha ocasión. Era raro o verán no que o río non cobraba algunha vida nalgún dos seus pozos, sobre todo os das "correntes".



Os comezos deportivos do meu pai foron: Organizar carreiras dunha parte ata a outra, ou subir o río a nado contra corrente, ata onde se chegase.

Logo pasan a participar nas travesías a nado que se organizaban nas vilas mariñeiras en festas. Deste xeito participou nas travesías dende a illa de Tambo a Marín e que gañou cinco anos consecutivos. (Aínda conservo na miña casa un daqueles trofeos de prata do ano 1930).

Cabe subliñar que nestes recorridos tamén participaron con notable éxito os seus irmáns Manolo e Eduardo chegando a facer triplete familiar en máis dunha ocasión.

A sona que alcanzou nestas travesías locais levárono a participar co mesmo éxito noutras de máis renome como as de Cangas, Vigo e A Coruña.

O primeiro campionato Galego no que participou data de 1932 co equipo de natación que recentemente formara a Sociedade Ximnástica de Pontevedra. Foi en A Coruña en nel gañou as probas de 1500 m libre e 100 m braza.

Nesta época tamén destaca como unha excelente nadadora a súa irmá Carmiña e cos seus irmáns Manolo e Eduardo forma a base do primeiro equipo de relevos da S. Ximnástica.

Este último feito é de destacar porque daquel equipo de relevos sairá a base do primeiro equipo de waterpolo que se fará en Pontevedra en toda a súa historia.

O seus anos de estudo son na Escola Industrial de Vigo, onde coñece por primeira vez a práctica do waterpolo. Enrédase a xogar no equipo da Escola e faíno contra equipos como o Rodeiramos de Cangas, o Marítimo, o C. Náutico e outros.

Chegaron incluso a xogar nunha ocasión contra o Canoe de Madrid, que era e é todo un clásico do waterpolo nacional. Daquela enteráronse, polos waterpolistas madrileños, da existencia de piscinas para a práctica deste deporte e da natación, todo un luxo para os nadadores Galegos.

Rematados os estudos en Vigo, volta a vila, e crea o primeiro equipo de waterpolo que se fai en Pontevedra, dentro do seo da Sociedade Ximnástica.

Ademais do meu pai e os seus irmáns Manolo e Eduardo, compoñían aquel equipo: Clemente Echevarría, Gonzalo Guillén, Armando Casteleiro, e Blas, entre outros.

A "piscina" elixida para celebrar os seus partidos non era outra que a nova dársena das Corbaceiras. Os partidos, como é lóxico, soamente se xogaban no verán e tiñan que facelo aproveitando a marea chea.

Dicíanos montóns de veces que o que máis lle amargaba dos partidos era ter que recoller todo o "entarimado" que montaban para xogar (porterías e corcheiras) e telas que levar a un lugar de Moureira de arriba, onde a S. Ximnástica tiña a súa sede social. Preto de onde o Teucro xogarían anos máis tarde os seus partidos de balonmán e onde tamén se facían os bailes de verán da sociedade - isto dos bailes o menciono eu porque os vivín-.

Conservo fotos daquela época nas que se ve a afluencia de xente nos peiraos das corbaceiras para ver os partidos de waterpolo que alí se celebraban.

Pronto, toda esta frenética actividade deportiva que se fai naquela época, verase truncada e freada de raíz pola Guerra Civil Española.

O meu pai o colle a Guerra Civil en Barcelona, xunto cuns cantos deportistas pontevedreses, de varias modalidades deportivas que se desprazaran ata a cidade condal para participar na olimpíada popular de 1936. Cabe recordar que este evento deportivo organizouno Barcelona en desagravio a concesión a Alemaña Nazi, das Olimpíadas oficiais a celebrar na cidade de Berlín.

Pasan por mil calamidades propiciadas por unha terrible guerra que non merece a pena ser recordada nesta pequena historia e que terminou coa súa repatriación a España cando todo termina.

Pasada a guerra parece que costou moito volver a reavivar a vida deportiva da cidade do Lérez.



Corbaceiras. 1953

O deporte dos seus amores, consegue reflotalo pasados uns anos cando se chegou a formar en Pontevedra unha liga local de waterpolo con equipos como: Salcedo, o Raza, o Náutico, o Marítimo e como non o Burgo, o equipo do barrio que o veu nacer.

Os do Burgo, facían os seus entrenos nun lugar do Lérez chamado a Resilla, que esta ubicada a carón da ponte das "corrientes", na desembocadura do río Rons/Alba, e pola forza da auga na baixada da marea da xunqueira da Gándara. Alí, tiñan instalada unha batea para tal fin, e en máis dunha ocasión, tiverona que ir buscar, río arriba, ata a Ponte das Cabras onde quedaba varada por mor das mareas e das fortes correntes nalgunha época do ano. Si pecho os ollos e penso nelo aínda acoden a miña mente imaxes daquela batea.

Desta segunda etapa do waterpolo, o meu recordo persoal xa comeza a traballar, aínda que non sexa dos partidos que se xogaban, si recordo a moitos dos xogadores que o facían, pois a estas persoas chegueinas a coñecer personalmente anos máis tarde. Lembro principalmente ós dos últimos anos, cos que desapareceu o waterpolo, ala mediados os anos 50.

Eran mozos principalmente do Burgo. Algúns deles están vivos para contalo. Entre outros: Os irmáns Barco: Luís, Valente e Virulé, Jacinto o zapateiro, Gonzalito Lorenzo, Pillado, o meu irmán Alberto, meu pai e outros.

No caso do meu irmán Alberto, que era un mociño, ó que os demais lle levaban unha boa diferenza de anos, teño que destacar que a súa principal función nos partidos, era ir a pola pelota cando comenzaba cada cuarto de xogo, debido a que en velocidade ninguén lle ganaba a aquel rapaz. Daquela amosaba unhas condicións innatas para a natación que o levarían a ser campión Galego absoluto en varias probas de natación e tamén campión de España infantil.

Os partidos celebrábanse, como non podía ser doutro xeito, nas Corbaceiras e había unha grande rivalidade entre os equipos por ser todos da cidade de Pontevedra.

Foron moitas as razóns, creo eu, as que provocaron que desaparecese o waterpolo e a súa práctica da cidade de Pontevedra.

Amplíouse para a xuventude un abano máis amplo de posibilidades de practicar outros depor-



Principios dos 50

tes, e ademais durante todo o ano como o balonmán e o fútbol entre outros.

Pero creo personalmente, que o feito máis determinante da desaparición, non só do waterpolo, senon das actividades de lecer que ofrecía o noso querido Lérez, foi a aparición dunha serie de industrias, que aínda que traían postos de traballo necesarios, acabaron co río debido a súa contaminación. Industrias que están na mente de todos, sobre todo A Cros, Tafisa e Celulosa.

Recordo con sabor agridulce a Resilla. Era unha praia fluvial na que os rapaces do Burgo, sobre todo, disfrutamos nos veráns da nosa infancia e mocidade durante moitas xeracións. A miña creo estar no certo si digo que foi das derradeiras en disfrutar de ela. Por eso digo o do sabor agridoce.

Foi a Cros a primeira que nos empezou a botar de alí, e mais tarde unha fábrica de conservas, ubicada mesmo a súa beira que empezou a deteriorar o lugar. De ali a rapazada pasamos o outro lado das correntes e faciamos competencia cos mozos da outra banda do río onde estaba a fábrica de Feijoo. Logo xa pasamos a ponte do Burgo, dende onde nos tirabamos e subiamos polas escalinatas que aínda hai hoxe o lado da gasoleira do Burgo.

En fin, esto último que conto fai que me saia un pouco do principal motivo desta historia, pero e que me deixei levar un pouquiño pola nostalgia e os bos recordos. Non o poiden remediar.

Rematando a miña pequena historia direi que a mediados dos anos 50 o waterpolo en Pontevedra desaparecera durante un período demasiado longo de case 40 anos.

RENACE O WATERPOLO

O rexurdir deste deporte na nosa vila débese a feliz iniciativa dun grupo de persoas vinculadas o Club Natación Pontevedra, que alá pola temporada 97/98 deciden formar un equipo de waterpolo cunha serie de rapaces do club os que se lle achega a idade da "xubilación" deportiva para a natación.

Deste xeito pretenden darlle cabida, por uns anos mais, a aqueles rapaces que por mor de facerse maiores para a natación poidan seguir practicando un gran deporte vinculados ó club. Entre eses rapaces estaban dous dos meus fillos (xemelgos) que dende cativos practicaron a natación no seo do club, e seguindo como non a vella tradición familiar.

Esta circunstancia foi a que fixo que aquel grupo de persoas do C.N. Pontevedra me "ficharan" como directivo para ocuparme da sección de waterpolo que pretendían abrir no club sabedores do meu pasado deportivo familiar relacionado con este deporte.

Non me puiden negar, aínda que recoñezo que nun principio me amosei un pouco reacio.

Hoxe, despois de 10 anos ó fronte da sección de waterpolo non me arrepiño de habelo feito, senón mais ben estoulle moi agradecido o club e a este deporte pola boa influencia que tivo sobre a formación integral de todos os meus fillos. De feito teño dous fillos mais que estiveron ligados ó club na disciplina de natación. Unha como nadadora, a miña filla pequena, e outro como axudante de técnico, o meu fillo maior.

O Club Natación Pontevedra acaba de cumprir hai uns meses o seu 20 aniversario e malia a súa modestia é o club decano na cidade de Pontevedra nos deportes de piscina.

Na sección de waterpolo, ben que temos a metade de anos (10 anos de vida) temos a nosa pequena historia, máis que por pequena non está chea de anécdotas, que cómpre de todos os xeitos relatar de forma resumida.



Os inicios da sección de waterpolo, como todos os comezos, foron moi difíciles administrativamente falando. Atopamos todos os inconvenientes do mundo para poder desenrolar o noso deporte. Cantas veces me acordo do que meu pai contaba e supoño as dificultades que se encontraría na súa época. Pero as veces poñíame a matinar nas dificultades que nos atopabamos e dábaseme por cotexar unhas con outras, en tempos distintos, e chego a conclusión de que malia que pareza mentira creo que para os tempos que corren atopamos máis atrancos os "entusiastas" de agora que os do tempo do meu pai.

Explicareime un pouco:

O primeiro e máis importante foi a falla de instalacións para poder facer os adestramentos oportunos. O club adestraba ós seus nadadores na piscina do C.G.T.D. -Centro Galego de Tecnificación Deportiva- do Estadio da Xuventude. Solicitamos piscina para poder adestrar a waterpolo cando a instalación quedaba aliviada dos adestramentos dos nadadores e concedéronnos dúas "calles" para poder adestrar, pero coa curiosísima condición de non poder meter ningún balón na auga (como o len, o pé da letra). Non nos quedou máis remedio que aceptar as condicións e inxeniamos a maneira de suplir os balóns por pull-bois (aparells que usan os nadadores para adestrar metendoos entre as pernas). Pero o que máis nos doía era que tiñamos que xogar os nosos partidos como locais en piscinas doutros concellos como Padrón ou Caldas de Reis.

Así estivemos 3 ou 4 temporadas pero felizmente isto non foi obstáculo para que os rapaces mellorasen nas técnicas do novo xogo que escomenzaban a practicar dunha forma extraordinaria. Tanto foi así que na segunda temporada da nosa curta vida conseguiron ascender a primeira división autonómica.

Todos istos inconvenientes non nos arredaron ós directivos senon máis ben o contra-

rio. Chamamos en mil portas para pedir axuda, loitamos cos edís de turno para conseguir xogar na nosa cidade, nas instalacións que por entóns tiña (C.G.T.D. e Campolongo). Nesta loita pasamos cerca de 5 anos e por fin a luz verde deunos vía libre. De súpeto podíamos dispoñer da piscina de Campolongo para xogar, e nestas a Escola Naval de Marín ofrécenos a súa instalación para poder xogar e adestrar.

Non dabamos creto ó novo panorama que tiñamos diante de nós. Inclinámonos pola opción da Escola Naval e algún que outro partido o xogamos en Campolongo.

Así estivemos 3 ou 4 anos, mais e por fin, coincidindo cun cambio na dirección do C.G.T.D., concedéusenos o gran favor de poder adestrar e xogar nestas instalacións.

Deste xeito dende hai unhas 3 temporadas a sección de waterpolo veuse beneficiada para o desenvolvemento deste deporte.

Os resultados de todo isto son que hoxe na actualidade temos a nosa propia escola de waterpolo en Campolongo e equipos en todas as cate-

gorías (alevín, infantil, cadete, xuvenil e absoluta). A este respecto temos unha espiña clavada que é o equipo de waterpolo feminino que tamén se fixera paralelamente ó masculino e que tivemos que deixalo por falta de contrincantes na nosa Comunidade pois o Náutico, Santiago e Coruña desapareceron como clubs de waterpolo. Unha mágoa. Creo que o futuro deste deporte en Pontevedra está asegurado.

E para rematar esta humilde crónica deportiva pasarei a mencionar os pequenos éxitos deportivos logrados polos nosos waterpolistas nas distintas categorías nas que compiten:

- Dous subcampionatos absolutos. Dous subcampionatos da Copa Galega, tamén absolutos -sempre estivemos clasificados entre os catro primeiros a nivel autonómico-. Campión galego de verán alevín.

Temos en marcha o noso trofeo Memorial Pepe Malecho que vai xa para a IV edición.

Na actualidade a Escola de waterpolo do Club ten máis de 50 licencias, estando ó fronte con gran entusiasmo e dedicación Javier De Saa.

